

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SÉTIMO.- PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO, CONCELLO DE AMES.

Con data 3 de maio de 2018 José Luís Vázquez Cabanelas, adxudicatario do contrato de explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro, mediante instancia presentada por rexistro de entrada, con número 201899900000759, solicita a primeira prórroga do contrato Administrativo Especial de Explotación da Cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro do Concello de Ames, en base á cláusula segunda do devandito contrato.

Visto o informe favorable de data 21 de maio de 2018 emitido pola responsable do contrato de explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro.

Visto o informe de 23 de maio de 2018 emitido por Secretaría sobre a lexislación aplicable e órgano competente para autorizar a primeira prórroga do contrato do contrato de explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro.

Visto informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal (Informe 202/2018 de data 4 de xuño de 2018), en relación coa primeira prórroga do citado servizo.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 23 e 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar a primeira prórroga do contrato Administrativo Especial de Explotación da Cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro do Concello de Ames, en base á cláusula segunda do contrato formalizado o 13 de xuño de 2016, estendendo a súa vixencia ata o 14 de xuño de 2019.*

Segundo.- *Notificar a José Luís Vázquez Cabanelas, adxudicatario do contrato, o acordo de prórroga.*

Terceiro.- *Facultar ao alcalde para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.”*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, dezaioito de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria